



# **PROGRAMA INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN**

## **Programa prevención alumnado terceiro ciclo E.P.**

- 1.- Presentación e xustificación.
- 2.- Obxectivos.
- 3.- Poboación destinataria.
- 4.- Contidos
- 5.- Duración

## **1.- PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN**

As intervencións de tipo informativo-sensibilizador tratan de difundir, comunicar e transmitir mensaxes preventivas eficaces, dirixidas á poboación xeral ou a grupos específicos desta poboación. Para conseguilo centran os seus esforzos en desenvolver e promover a utilización de estratexias, métodos e actuacións que aseguren, tanto a calidade das mensaxes transmitidas, como a eficacia dos instrumentos utilizados para a súa difusión.

A realización de actuacións neste ámbito estratéxico respostam ao mandato establecido na lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas, que no artigo 4 recolle como prioritaria a atención á información e á formación en prevención das drogodependencias.

## **2.- OBXECTIVOS**

A finalidade última destas intervencións preventivas é a de promover a adopción de estilos de vida saudables entre a poboación destinataria, procurando que se reduzan as prevalencias dos consumos de drogas e os problemas sociosanitarios asociados a eles.

Obxectivos específicos destas intervencións:

- Reducir as actitudes favorables ao uso de drogas.
- Incrementar a percepción do risco asociado ao uso das distintas drogas.
- Modificar as crenzas e mitos sobre os efectos das distintas sustancias.
- Reducir a intención de consumir drogas no futuro.
- 

Como obxectivos operacionais das intervencións de información/sensibilización poden sinalarse:

- Ofrecer á poboación unha información sobre as sustancias e as consecuencias do seu consumo clara, realista e axeitada.
- Enfatizar as consecuencias positivas de non consumir drogas.
- Correxir erros, falsas crenzas, mitos, estereotipos e falacias sobre as drogas, o consumo e os efectos das mesmas.
- Brindar unha información clara, veraz e alcanzable ao receptor sobre o uso de drogas e as drogodependencias.

## **3.- POBOACIÓN DESTINATARIA**

A poboación destinataria destas intervencións de información/sensibilización é o alumnado do terceiro ciclo de Educación Primaria dos centros escolares.

#### **4.- CONTIDOS**

- ✓ Conceptos básicos sobre drogodependencias
  
- ✓ Efectos do consumo de drogas e a súas consecuencias sobre a saúde e o benestar da persoa: tabaco, alcohol e cannabis.
  
- ✓ Mitos e crenzas.
  
- ✓ Habilidades de afrontamento.

#### **5.- DURACIÓN**

O programa lévase a cabo ao longo de 4 sesións de unha hora escolar impartidas, preferentemente, en 4 semanas consecutivas.